



Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, acerca do proceso de selección de 50 alumnas e alumnos que finalicen os estudos de bacharelato en Galicia coas mellores cualificacións no curso 2009–2010, para asistir ao curso “*A universidade que nos agarda. Encontro cos novos estudantes universitarios de Galicia*”, organizado en colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

A incorporación á universidade supón para os estudantes un cambio substancial tanto no aspecto social como no réxime de estudos. Para facilitar ese tránsito é conveniente proporcionarlles, como complemento doutras informacións e orientacións recibidas, unha idea acerca da iniciación á universidade, así como unha visión xeral das grandes correntes do saber e en temas capitais do noso tempo para, deste modo, evitar os riscos dunha especialización prematura e excluínste.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten entre os seus obxectivos o de achegar a información sobre o ensino universitario aos estudantes de bacharelato. Nesta liña, desde hai anos, vense colaborando coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo na organización de cursos destinados aos estudantes que rematan o bacharelato.

Neste ano 2010 vaise celebrar o curso “*A universidade que nos agarda. Encontro con novos estudantes universitarios de Galicia*” que se vai desenvolver entre os días 1 e 4 de setembro, no Centro de Formación Marítima de Bamio, en Vilagarcía de Arousa.

O contido do curso comprenderá unha introdución ao mundo universitario a cargo de expertas/os. O programa incluírá tamén contidos relacionados coa adaptación das universidades ao Espazo Europeo de Ensino Superior, facendo fincapé naqueles aspectos que máis poden interesar ao alumnado.

Os destinatarios será o alumnado que remate os estudos de bacharelato en Galicia no curso 2009-2010 coas mellores puntuacións na valoración do expediente académico. De entre as e os solicitantes escolleranse os 50 mellores expedientes académicos.



A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contribuirá ao financiamento deste curso co pago da matrícula do alumnado participante e da súa estadía, a través da secretaría xeral de Universidades.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, resolve ditar as seguintes instrucións:

**Primeira.-** *Formalización de solicitudes, prazo e lugar de presentación.*

O alumnado que desexe beneficiarse desta iniciativa debe ter unha nota media no seu expediente de bacharelato igual ou superior a 8,5 puntos, e aportar a seguinte documentación:

- a) Formulario de solicitude que figura como anexo destas instrucións.
- b) Certificado académico dos dous cursos de bacharelato, no que conste expresamente a nota media do expediente académico nesta etapa. A omisión deste dato suporá a desestimación da solicitude. Para o cálculo da nota media non se terá en conta a cualificación da materia de relixión. No caso dos centros concertados ou privados, o certificado será emitido polo centro público onde estea o seu expediente académico.
- c) Copia validada do documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta ou certificado de residencia legal no país.

As solicitudes deberán presentarse antes do 30 de xuño de 2010 na sede da UIMP en Galicia: R/San Francisco, s/n Fundación Luis Seoane, 2º andar, 15001, A Coruña. Tel 981140790.

**Segunda.-** *Criterios de selección.*

Valorarase a nota media do expediente académico da/o alumna/o, de acordo cos datos que figuren no certificado ao que se refire o apartado b) da instrución Primeira.

No caso de empate entre varias solicitudes efectuarase sorteo entre elas.



**Terceira.-** *Proposta de resolución.*

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes a comisión de selección elaborará dúas listas, unha co alumnado seleccionado e outra con alomenos 30 alumnos e alumnas de reserva, no caso de renuncia por parte dalgún das/os seleccionadas/os na primeira lista.

**Cuarta.-** *Comunicación ao alumnado seleccionado.*

A selección será comunicada ao alumnado telefonicamente ou mediante correo electrónico durante os meses de xullo-agosto de 2010. Para iso é requisito imprescindible que no formulario de solicitude figure un teléfono de contacto (preferiblemente o móbil) e un enderezo electrónico da/o solicitante.

**Quinta.-** *Aceptación por parte do alumnado.*

Nos cinco días naturais seguintes á notificación da súa selección o alumnado deba confirmar ao enderezo electrónico [galiciasa@uimp.es](mailto:galiciasa@uimp.es) a súa aceptación; no caso de non facelo dentro dese prazo considerarase que renuncia a súa praza polo que se seleccionará a un novo candidato da lista de reserva.

**Sexta.-** *Financiamento da matrícula e da estadía do alumnado.*

Tanto a matrícula como a estadía do alumnado serán aboados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2010.

Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado,

José Graña Carrasqueiras

